



4. AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS

Como na política, a España do século XIX experimentou cambios profundos nos ámbitos económico e social. Estas transformacións producíronse de maneira lenta e desigual.

A reforma agraria

Como en séculos anteriores, a principal fonte de riqueza da economía española no século XIX seguiu sendo a **propiedade da terra**. Os Gobernos liberais da primeira metade de século puxeron en marcha reformas co obxectivo de modernizar a agricultura. Entre estas medidas destacan:

- A **fin do réxime señorial** e a perda de privilexios por parte dos nobres.
- A **desamortización dos bens eclesiásticos e comunais**, que pasaron a mans do Estado para vendelos en poxa.

A propiedade das terras poxadas concentrouse en mans de nobres e burgueses, que viron crecer o seu patrimonio. Pola súa banda, os **campesíños**, que non tiñan acceso á compra de terras, eran contratados como xornaleiros en condicións **durísimas** e cuns salarios moi baixos.



A lenta industrialización

A partir de 1830 iniciouse en España un lento proceso de industrialización, moi por baixo do experimentado polo resto dos países europeos industrializados. Este desenvolvemento limitouse a algunhas rexións e sectores: a industria téxtil en Cataluña e a siderurxia no País Vasco. Os principais factores que dificultaron que a industrialización se estendese a outras zonas foron:

- A falta de **capital** para investir.
- A inexistencia dun **mercado interior** para comercializar a produción das industrias.
- A escaseza de **recursos enerxéticos**.
- A falta dunha **rede de transportes** e comunicacións.

De maneira progresiva, a industria foise modernizando co uso de **novas fontes de enerxía** e coa adquisición de **máquinas**, feito que permitiu un aumento da produción e o desenvolvemento doutros sectores industriais.



13. Observa atentamente o gráfico que aparece xunto a estas liñas, onde están reflectidos os tipos de cultivo en España a finais do século XIX.

- Que tipos de cultivo predominaban?
- Cres que houbo cambios con respecto aos cultivados actualmente?

